

INDEFINIDOS

Determinativos indefinidos, pronomes indefinidos e adverbios de cantidade:

a) Os **indefinidos** son **(adxectivos) determinativos** cando acompañan a un substantivo. Na análise sintáctica sempre desempeñan a función de determinante

b) Os **indefinidos** son **pronomes** cando substitúen ou representan ao substantivo. Na análise sintáctica desempeñan as mesmas funcións que un substantivo: suxeito, CD, CI, CRÉG, atributo.

c) Son **adverbios de cantidade** cando son invariables (os anteriores son variables, con algunha excepción) e acompañan a un verbo, un adxectivo ou outro adverbio.

Na análise sintáctica poden desempeñar dúas funcións: cuantificador ao acompañar a un adxectivo ou outro adverbio; complemento circunstancial de cantidade se o adverbio é o núcleo do sintagma.

1. Distingue entre DETERMINANTES INDEFINIDOS (D), PRONOMES INDEFINIDOS (P) e ADVERBIOS (A):

algunha amiga	todos os días
ningún prexuízo	demasiado vento
calquera día	Comprou os mesmos.
ningunhas amigas	Seino todo.
Alguén veu.	Viñeron demasiados.
Ninguén lle replicou.	Non se fía de ninguén.
Calquera o pode facer.	Quérea pouco.
Non quere ningún.	Non a vexo demasiado contenta.
Non estaba nada segura.	Correu bastante.
Non lle molestan nada.	Está bastante contento.
Gústame moito.	bastante diñeiro
Corre moito.	moito medo
os seus mesmos ollos	máis bebida
un instante calquera	cada alumno

as demais praias

Moitos o compraron

Dille algo.

Vendéronse moitas

Eu non quería tantas.

Está máis ilusionada agora.

Vive máis preto ca Luisa.

Este gústame máis.

moitos outros mozos

ese mesmo caso

ambos os mozos

Non se vai con ninguén.

Non lle escribiu a ningún

Non compres botellas, temos
demasiadas.

Viñeron albaneis, pintores e demais.

Non pasou nada.

Bastantes compraron a entrada

Estaban todos felices.

Debe traballar menos.

El era algo distraído

3. Contrae estes indefinidos “algún” e “outro” coas preposicións “de” e “en”:

- Era (de outro) país distinto.
- Viñera (de outra)parte.
- Estaba pasando as vacacións (en algún) lugar do leste de Dinamarca.
- Viña(de algunha) estación da nosa cidade.
- Non pensaba (en outra)cousa.
- Tiña a cabeza (en outros)asuntos.
- Quixera ser amigo (de algún) veciño
- Estaba (en outro) lugar

1. Números colectivos. Completa cos substantivos da listaxe seguinte:

Par, parella, decena, ducia, vintena, trintena, cento, milleiro, millón, billón.

- Díxenche un de veces que non tires os xornais vellos porque os quero reciclar.

- Suso e María fan moi boa
- Hoxe deixaron unha de cartas para repartir entre os vinte asistentes do curso.
- Vou comprar un de botas de auga para o inverno.
- Comprou dúas de ovos da casa.
- Tráeme de Padrón un de pementos.
- Chegou á e parece que teña vinte anos nada máis.
- O Estado naqueles anos xa adebedaba varios de pesetas.
- Foron á manifestación arredor de dez de persoas.